




# DEVESA DO CERVO-MONTOUTO

Adela Leiro, Mon Daporta



**Distancia:** 13 km (ida e volta)

**Dificultade:** media

**Duración:** 5 horas



Un percorrido que remontando o curso do rego de Montouto nos leva pola Devesa do Cervo ata as antigas cabanas de Pastores do Montouto e ao Collado dos Maragatos, na fronteira entre Galicia e León, entre os cumes dos Tornos e Montouto.

O rego de Montouto recolle as augas da aba occidental do Montouto e lévaas, nun curto percorrido e de gran desnivel, ata o Soldón, tributario á súa vez do Sil. No seu curso atópase a Devesa do Cervo, unha das interesantes fragas do Courel pola súa conservación, pola diversidade da súa flora e por acoller algúnhas árbores senlleiras.

## COMO CHEGAR:

Desde Quiroga cóllese á estrada á Cruz de Outeiro e A Seara. Un pouco antes de chegar a Soldón atópase, a dereita da estrada, un indicador que sinala o Mazo. Baixamos pola pista de terra e deixamos o coche xunto ás casas do lugar. Para comezar a ruta cruzamos o río e seguimos cara á dereita, podendo baixar ata a ferrería, cruzar o río e remontalo ou seguir o camiño polo souto do lugar. A ruta remata nos cumes ao atoparse coa pista de terra que ven desde A Seara e remata en Arnado (León). Para subir ao cumo do Montouto habería que pasar por debaixo da canteira de Lousa e remontar polo cortalumes (uns 3 km máis de alta dificultade).



Pincheira no rego de Montouto



A Devesa do Cervo e o val do Montouto



Cume do Montouto



*Leucanemopsis flaveola* endemismo do noroeste da península ibérica



*Dianthus langeanus*, un pequeno caravel de montaña.



Carballo centenariano na parte alta da Devesa.



Castiñeiro no souto do Mazo



Restos do Mazo do Soldón



Parte baixa do val do rego de Montouto



Pincheira no rego de Rinán, un afluente do Montouto.